

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E CONCELLO DE LOUSAME PARA A RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE CABANETÁN NA PARROQUIA DE LESENDE

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Lousame para a renovación do céspede artificial no Campo de Fútbol Municipal de Cabanetán na Parroquia de Lesende.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

III. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Lousame o



instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

IV. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Lousame para a renovación do céspede artificial no Campo de Fútbol Municipal de Cabanetán na Parroquia de Lesende.

V. Fundamentos do convenio

O Concello de Lousame manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a renovación do céspede artificial no Campo de Fútbol Municipal de Cabanetán na Parroquia de Lesende.

O dito campo de fútbol está situado na Parroquia de Lesende (Concello de Lousame) e nel xoga e adestra o equipo do Lesende C. F., que participa na competición federada de fútbol de segunda autonómica e tamén na Copa do Sar.

O Club ten tamén categorías inferiores para os rapaces mais novos que aínda se están iniciando na práctica deportiva e tamén de veteranos. Estas categorías tamén utilizan este campo para os adestramentos.

O campo leva máis de vinte anos co mesmo céspede artificial, sen ser renovado, o que sumado ao intenso uso pola gran cantidade de partidos e adestramentos que nel se practican dan como resultado un céspede moi degradado, un piso tremendamente duro, que non drena a auga acumulada e que favorece a aparición de lesións continuas nos xogadores. Ao longo da tempada o Club ten numerosas baixas por lesións provocadas polo mal estado do campo. O mesmo cabe dicir dos xogadores dos equipos rivais que veñen a xogar.

O club presenta reiteradas queixas expoñendo a situación e demandando que se lle solucione o problema. O Concello é consciente das deficiencias e ten analizado con técnicos na materia o estado do céspede e a única solución pasa por unha renovación





integral do céspede artificial a fin de garantir unha adecuada superficie de xogo para acadar un mellor rendemento deportivo evitando lesións inoportunas e mellorar as prestacións deportivas do solo.

As obras que se pretenden executar son:

- retirada equipamento deportivo
- levantamento do céspede artificial existente
- limpeza de canles de saneamento
- subministro e instalación de céspede artificial
- subministro e colocación de xogo de banderines abatibles

O Concello de Lousame como administración local encargada de velar polos intereses da veciñanza, solicita esta axuda xa que as considera que actuacións a executar son de interese público e social para satisfacer as necesidades dos veciños.

O concello de Lousame manifesta ter concedidas axudas por parte da Deputación da Coruña para o financiamento deste proxecto, por un total de 163.824,91€ (o que supón o 80% do investimento)

O importe restante do orzamento, 40.956,23 €, que non está financiado pola axuda anteriormente citada, debe ser asumido polo Concello de Lousame. Ao tratarse dun concello pequeno, supón unha gran parte do orzamento municipal que Lousame non pode custear.

Por este motivo, o Concello de Lousame manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para renovación do céspede artificial no Campo de Fútbol Municipal de Cabanetán na Parroquia de Lesende. solicitando unha axuda de 40.956,23€

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase porque na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrència á cal poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as



devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público, e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Lousame de afrontar en solitario os compromisos económicos que a cofinanciación da execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Lousame.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Actuacións da subvención

- **RETIRADA EQUIPAMENTO DEPORTIVO:** Retirada de equipamento deportivo (porterías, banderíns, etc.) por medios manuais e acopio, para a súa posterior colocación una vez instalado el novo céspede artificial.





- LEVANTADO DO CÉSPED ARTIFICIAL EXISTENTE: Levantado do pavimento de céspede artificial existente. Enrolarase o céspede artificial extraído en rolos de 2m. de anchura aproximadamente, para a súa posterior reutilización. O mesmo tempo, extraese o recheo de area e o granulado de caucho por medio dun sistema de bastidores que permiten a través dunha cinta transportadora, cargalos y almacenalos en sacas Big Bags impermeables para a súa posterior reutilización.
 - LIMPEZA DE CANLES DE SANEAMENTO: Limpeza da canaleta perimetral de saneamento do campo consistente en:
 - Retirada de reixa
 - Descompactación do material depositado nos canles.
 - Recollida e transporte interno do material ata contedor de residuos a pe de obra.
 - Limpeza de las canles.
 - Posterior montaxe de reixa.
 - CÉSPED ARTIFICIAL: Subministro e instalación de céspede artificial de última xeración para la práctica de fútbol, fabricado mediante sistema TUFTING en Zigzag
- O céspede artificial instalado debe cumprir cos parámetros establecidos na Norma UNE-EN 15330-1, así como ter una cualificación FIFA QUALITY PRO.
- XOGO DE BANDERÍNS ABATIBLES: Subministro e colocación de xogo de catro picas de córner abatibles regulamentarias en plástico con banderíns móbiles de 1,50 m. de altura, con soporte de caucho flexible, para ancoraxe ao solo.

VII. Importe e aplicación orzamentaria

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de **corenta mil novecentos cincuenta e seis con vinte e tres euros 40.956,23 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de





proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 20 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, e que ascende a **douscentos catro mil setecentos oitenta e un con catorce céntimos (204.781, 14 €), IVE incluído**. O restante, cento sesenta e tres mil oitocentos vinte e catro con noventa e un euros **(163.824, 91 €), IVE incluído**, que supón o **80 %** do orzamento total da actuación obxecto deste convenio, financíase a través dunha axuda da Deputación Provincial da Coruña concedida ao Concello de Lousame.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

